

The image features a stack of several books with aged, yellowed pages on the left side. The background is a mix of a light blue vertical stripe and a larger olive-green area with a faint, circular, textured pattern. The title 'APAS' is written in large, bold, dark blue letters, partially overlapping the blue stripe and the green background.

# APAS

legislación básica

# APAS

legislación básica



## Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación

### Capítulo II Constitución das asociacións

#### ● Artigo 5. Acordo de constitución

1. As asociacións constitúense mediante acordo de tres ou máis persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas, que se comprometen a poñer en común coñecementos, medios e actividades para conseguir unhas finalidades lícitas, comúns, de interese xeral ou particular, e se dotan dos estatutos que rexen o funcionamento da asociación.
2. O acordo de constitución, que incluírá a aprobación dos estatutos, deberá formalizarse mediante acta fundacional, en documento público ou privado. Co outorgamento da acta adquirirá a asociación a súa personalidade xurídica e a plena capacidade de obrar, sen prexuízo da necesidade da súa inscrición para os efectos do artigo 10.

3. O establecido neste artigo aplicarase tamén para a constitución de federacións, confederacións e unións de asociacións.

#### ● Artigo 6. Acta fundacional

1. A acta fundacional debe conter:
  - a) O nome e os apelidos dos promotores da asociación se son persoas físicas, a denominación ou razón social se son persoas xurídicas, e, en ámbolos casos, a nacionalidade e o domicilio.
  - b) A vontade dos promotores de constituír unha asociación, os pactos que, de se-lo caso, establecesen e a denominación desta.
  - c) Os estatutos aprobados que rexerán o funcionamento da asociación, o contido dos cales se axustará ás prescricións do artigo seguinte.

- d) O lugar e a data de outorgamento da acta, e a sinatura dos promotores, ou dos seus representantes no caso de persoas xurídicas.
  - e) A designación dos integrantes dos órganos provisionais de goberno.
2. Á acta fundacional deberáse xuntar, para o caso de persoas xurídicas, unha certificación do acordo validamente adoptado polo órgano competente, no que apareza a vontade de constituí-la asociación e formar parte dela e a designación da persoa física que a representará; e, no caso das persoas físicas, a acreditación da súa identidade. Cando os outorgantes da acta actúen a través de representante, xuntaráse a esta a acreditación da súa identidade.
- **Artigo 7. Estatutos**
- 1. Os estatutos deberán conter os seguintes extremos:
    - a) A denominación.
    - b) O domicilio, así como o ámbito territorial en que deba realizar principalmente as súas actividades.
  - c) A duración, cando a asociación non se constituía por tempo indefinido.
  - d) Os fins e actividades da asociación, descritos de forma precisa.
  - e) Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados e, de se-lo caso, as clases destes. Poderán incluír tamén as consecuencias do non pagamento das cotas por parte dos asociados.
  - f) Os dereitos e as obrigas dos asociados e, de se-lo caso, de cada unha das súas distintas modalidades.
  - g) Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación.
  - h) Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedementos para a elección e substitución dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas do seu

cesamento, a forma de deliberar, adoptar e executar os seus acordos e as persoas ou cargos con facultade para certificarlos e requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos, así como a cantidade de asociados necesaria para poder convocar sesións dos órganos de goberno ou de propor asuntos na orde do día.

- i) O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data de cerramento do exercicio asociativo.
  - j) O patrimonio inicial e os recursos económicos dos que se poderá facer uso.
  - k) Causas de disolución e destino do patrimonio en tal suposto, que non poderá desvirtuá-lo carácter non lucrativo da entidade.
2. Os estatutos tamén poderán conter calquera outra disposición e condición lícita que os promotores consideren conveniente, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os

principios configuradores da asociación.

3. O contido dos estatutos non poderá ser contrario ó ordenamento xurídico.

### ● **Artigo 8. Denominación**

1. A denominación das asociacións non poderá incluír termo ou expresión que induza a erro ou confusión sobre a súa propia identidade, ou sobre a súa clase ou natureza, en especial, mediante a adopción de palabras, conceptos ou símbolos, acrónimos e similares propios de persoas xurídicas diferentes, sexan ou non de natureza asociativa.
2. Non serán admisibles as denominacións que inclúan expresións contrarias ás leis ou que poidan supor vulneración dos dereitos fundamentais das persoas.
3. Tampouco poderá coincidir, ou asemellarse de maneira que poida crear confusión, con ningunha outra previamente inscrita no rexistro no que proceda a súa inscrición, nin con calquera outra persoa xurídica pública ou privada, nin con enti-

dades preexistentes, sexan ou non de nacionalidade española, nin con persoas físicas, salvo co consentimento expreso do interesado ou dos seus sucesores, nin cunha marca rexistrada notoria, salvo que o solicite o seu titular ou co seu consentimento.

### ● **Artigo 9. Domicilio**

1. As asociacións que se constituían de acordo con esta lei terán o seu domicilio en España, no lugar que establezan os seus estatutos, que poderá se-lo da sede do seu órgano de representación, ou ben aquel onde desenvolve principalmente as súas actividades.
2. Deberán ter domicilio en España, as asociacións que desenvolvan actividades principalmente dentro do seu territorio.
3. Sen prexuízo do que dispoña o ordenamento comunitario, as asociacións extranxeiras, para poderen exercer actividades en España, de forma estable ou duradeira, deberán establecer unha de-legación en territorio español.

### ● **Artigo 10. Inscripción no rexistro**

1. As asociacións reguladas nesta lei deberán inscribirse no correspondente rexistro, para os únicos efectos de publicidade.
2. A inscrición rexistral fai pública a constitución e os estatutos das asociacións e é garantía, tanto para os terceiros que con elas se relacionan, como para os seus propios membros.
3. Os promotores realizarán as actuacións que sexan precisas, para efectos da inscrición, respondendo en caso contrario das consecuencias da falta desta.
4. Sen prexuízo da responsabilidade da propia asociación, os promotores de asociacións non inscritas responderán, persoal e solidariamente, das obrigas contraídas con terceiros. En tal caso, os asociados responderán solidariamente polas obrigas contraídas por calquera deles fronte a terceiros, sempre que manifesten actuar en nome da asociación.

## **Capítulo III**

### **Funcionamento das asociacións**

#### **● Artigo 11. Réxime das asociacións**

1. O réxime das asociacións, no que se refire á súa constitución e inscrición, determinarase polo establecido nesta lei orgánica e nas disposicións regulamentarias que se dicten no seu desenvolvemento.
2. En canto ó seu réxime interno, as asociacións deberán axustalo seu funcionamento ó establecido nos seus propios estatutos, sempre que non estean en contradición coas normas desta lei orgánica e coas disposicións regulamentarias que se dicten para a súa aplicación.
3. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación, integrado polos asociados, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna e deberá reunirse, polo menos, unha vez ó ano.
4. Existirá un órgano de representación que xestione e represente os intereses da asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Só poderán formar parte do órgano de representación os asociados. Para ser membro dos órganos de representación dunha asociación, sen prexuízo do que establezan os seus respectivos estatutos, serán requisitos indispensables: ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.
5. No caso de que os membros dos órganos de representación poidan recibir retribucións en función do cargo, deberán constar nos estatutos e nas contas anuais aprobadas en asemblea.

#### **● Artigo 12. Réxime interno**

Se os estatutos non o dispoñen doutro modo, o réxime interno das asociacións será o seguinte:

- a) As facultades do órgano de representación estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das



finalidades da asociación, sempre que non requiran, conforme os estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

- b) Sen prexuízo do disposto no artigo 11.3, a Asemblea Xeral convocaraa o órgano de representación, con carácter extraordinario, cando o solicite un número de asociados non inferior ó 10 por 100.
- c) A Asemblea Xeral constituirase validamente, logo de convocatoria efectuada quince días antes da reunión, cando concorran a ela, presentes ou representados, un tercio dos asociados; e o seu presidente e o seu secretario serán designados ó inicio da reunión.
- d) Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afir-

mativos superen a metade, os acordos relativos a disolución da asociación, modificación dos estatutos, disposición ou alleamento de bens e remuneración dos membros do órgano de representación.

### ● **Artigo 13. Réxime de actividades**

1. As asociacións deberán realiza-las actividades necesarias para o cumprimento dos seus fins, aínda que deberán observa-la lexislación específica que regule tales actividades.
2. Os beneficios obtidos polas asociacións, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servicios, deberán destinarse, exclusivamente, ó cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu reparto entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

**• Artigo 14. Obrigas documentais e contables**

1. As asociacións deben dispor dunha relación actualizada dos seus asociados, levar unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuar un inventario dos seus bens e recoller nun libro as actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación. Deberán levar a súa contabilidade conforme as normas específicas que lles resulten de aplicación.
2. Os asociados poderán acceder a toda a documentación que se relaciona no número anterior, a través dos órganos de representación, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
3. As contas da asociación aprobaráse anualmente a Asemblea Xeral.

**• Artigo 15. Responsabilidade das asociacións inscritas**

1. As asociacións inscritas responden das súas obrigas con tódolos seus bens presentes e futuros.
2. Os asociados non responden persoalmente das débedas da asociación.
3. Os membros ou titulares dos órganos de goberno e representación, e as demais persoas que obren en nome e representación da asociación, responderán ante esta, ante os asociados e ante terceiros polos danos causados e polas débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes.
4. As persoas a que se refire o número anterior responderán civil e administrativamente polos actos e polas omisións realizados no exercicio das súas funcións, e polos acordos que votasen, fronte a terceiros, á asociación e ós asociados.
5. Cando a responsabilidade non poida ser imputada a

ningún membro ou titular dos órganos de goberno e representación, responderán todos solidariamente polos actos e polas omisións a que se refiren os números 3 e 4 deste artigo, a non ser que poidan acreditar que non participaron na súa aprobación e execución ou que expresamente se opuxeron a elas.

6. A responsabilidade penal rexerá polo establecido nas leis penais.

#### ● **Artigo 16. Modificación dos estatutos**

1. A modificación dos estatutos que afecte o contido previsto no artigo 7 requirirá acordo adoptado pola Asemblea Xeral convocada especificamente con tal obxecto, deberá ser obxecto de inscrición no prazo dun mes e só producirá efectos, tanto para os asociados como para os terceiros, desde que se procedese á súa inscrición no rexistro de asociacións correspondente, rexendo para a esta o sentido do silencio previsto no artigo 30.1 desta lei.

As restantes modificacións producirán efectos para os

asociados desde o momento da súa adopción consonte os procedementos estatutarios, mentres que para os terceiros será necesaria, ademais, a inscrición no rexistro correspondente.

2. A inscrición das modificacións estatutarias axustarase ós mesmos requisitos que a inscrición dos estatutos.

#### ● **Artigo 17. Disolución**

1. As asociacións disolveranse polas causas previstas nos estatutos e, no seu defecto, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral convocada para o efecto, así como polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil e por sentenza xudicial firme.
2. En tódolos supostos de disolución deberáse dar ó patrimonio o destino previsto nos estatutos.

#### ● **Artigo 18. Liquidación da asociación**

1. A disolución da asociación abre o período de liquidación, ata a fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.

2. Os membros do órgano de representación no momento da disolución convértense en liquidadores, salvo que os estatutos establezan outra cosa ou ben os designe a Asemblea Xeral ou o xuíz que, de se-lo caso, acorde a disolución.
3. Correspóndelles ós liquidadores:
  - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
  - b) Concluí-las operacións pendentes e efectua-las novas, que sexan precisas para a liquidación.
  - c) Cobra-los créditos da asociación.
  - d) Liquidá-lo patrimonio e pagarlles ós acredores.
  - e) Aplica-los bens sobrantes da asociación ós fins previstos polos estatutos.
  - f) Solicita-la cancelación dos asentos no rexistro.
4. En caso de insolvencia da asociación, o órgano de representación ou, se é o caso, os liquidadores deben promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xuíz competente.

## Capítulo IV Asociados

### • Artigo 19. Dereito a asociarse

A integración nunha asociación constituída é libre e voluntaria, debendo axustarse ó establecido nos estatutos.

### • Artigo 20. Sucesión na condición de asociado

A condición de asociado é intransmisible, salvo que os estatutos dispoñan outra cousa, por causa de morte ou a título grauíto.

### • Artigo 21. Dereitos dos asociados

Todo asociado posúe os seguintes dereitos:

- a) A participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer-lo dereito de voto, así como a asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
- b) A ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do

seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

- c) A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, de se-lo caso, impoña a sanción.
- d) A impugna-los acordos dos órganos da asociación que considere contrarios á lei ou ós estatutos.

### ● **Artigo 22. Deberes dos asociados**

Son deberes dos asociados:

- a) Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- b) Paga-las cotas, derramas e outras contribucións que, conforme os estatutos, lle poidan co-r-responder a cada socio.

c) Cumpri-lo resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

d) Acatar e cumpri-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

### ● **Artigo 23. Separación voluntaria**

1. Os asociados teñen dereito a separarse voluntariamente da asociación en calquera tempo.
2. Os estatutos poderán establecer que, en caso de separación voluntaria dun asociado, este poida percibi-la participación patrimonial inicial ou outras contribucións económicas realiza-das, sen incluí-las cotas de pertenza á asociación que aboase, coas condicións, alcances e límites que se fixen nos estatutos. Isto enténdese sempre que a redución patrimonial non implique prexuízos a terceiros.



**asociacións de nais  
e pais de alumnos**

## Aociacións de Pais de Alumnos

*Orde do 16 de xaneiro de 1987, pola que se regulan as asociacións de pais de alumnos. (DOG, 22/01/87)*

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 5º.6 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, que sinala que se establecerán regulamentariamente as características específicas das asociacións de pais de alumnos e en virtude das atribucións conferidas pola disposición derradeira primeira da propia Lei e polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación,

### Dispoño:

- 1º.- Os pais de alumnos teñen garantida a liberdade de asociación no ámbito educativo.
- 3º.- Para efectos do disposto nesta Orde, terán o carácter de Asociacións de Pais de Alumnos as que se

constitúan nos centros docentes públicos e privados que impartan ensinanzas de Educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional.

- 4º.- Só poderá pertencer ás asociacións os pais ou titores de alumnos que cursen os seus estudos nos centros docentes reseñados no artigo anterior.
- 5º.- As asociacións de pais de alumnos asumirán as seguintes finalidades:
  - a) Asistir ós pais ou titores en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos ou pupilos.
  - b) Colaborar nas actividades educativas dos centros.
  - c) Promove-la participación dos pais de alumnos na xestión do centro.
  - d) Asistir aos pais de alumnos no exercicio do seu dereito a interviren no control e xestión dos cen-

tros sostidos con fondos públicos.

- e) Facilita-la representación e a participación dos pais de alumnos nos Consellos Escolares dos centros públicos e concertados e noutros órganos colexiados, se é o caso.
- f) Calquera outra que, dentro da normativa vixente, lle asignen os seus respectivos estatutos.

6º.- As Asociacións de Pais de Alumnos constituiranse mediante acta na que conste a vontade de varios pais ou titores de alumnos de crear unha asociación orientada ó cumprimento das finalidades establecidas no artigo 5º desta Orde.

7º.- Cada Asociación de Pais, dentro do marco xurídico indicado no artigo 2º, rexe-rase polos seus propios estatutos que deberán contemplar, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Denominación da asociación, cunha referencia que a singularice e mención do centro docente no que se constitúe.

b) Finalidades da asociación, conforme ó disposto no artigo 5º.

c) Domicilio, que poderá se-lo do centro docente no que se constitúe.

d) Composición e funcionamento dos seus órganos de goberno que, en todo caso, deberán ser democráticos.

e) Procedemento de admisión dos asociacos que será, en todo caso, voluntario e logo de solicitude de inscrición, sen que se poidan esixir máis requisitos co de ser pai ou titor de alumno matriculado no centro, pagar, se é o caso, as correspondentes cotas e aceptar expresamente os estatutos da asociación.

f) Dereitos e deberes dos asociados.

g) Patrimonio fundacional, recursos económicos previstos e aplicación que se deba dar ó patrimonio da asociación en caso de disolución.

h) Réxime de modificacións dos estatutos.



8º.-

1. As APAs presentarán na Delegación Provincial da Consellería de Educación a acta e mailos estatutos, así como calquera modificación que se produza nos mesmos para a súa inclusión no censo.
2. A inclusión no censo, que terá carácter declarativo, levarase a cabo sempre que os fins da asociación se axusten ó establecido na Lei Orgánica 8/1983 e nesta Orde e entenderase realizada se, transcorrido dous meses desde a presentación da acta e dos estatutos, non caera resolución expresa.

9º.- As Asociacións de Pais de Alumnos poderán federarse a nivel parroquial, local comarcal ou en ámbitos territoriais máis amplos, así como confederarse, debendo enviála acta de constitución da federación ou confederación á Consellería de Educación para a súa inclusión no censo referido no artigo anterior.

10º.-

1. As Asociacións de Pais de Alumnos poderán utiliza-

los locais dos centros docentes para realizaren as actividades que teñen de seu; para este efecto, os directores dos centros facilitarán a integración das ditas actividades na vida escolar, tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma.

2. Será necesaria, en todo caso, para efectos de utilización dos locais do centro, a previa comunicación da xunta directiva da asociación á Dirección do centro.
3. Os directores dos centros públicos, cando as disponibilidades de locais o permitan e cando o soliciten as asociacións, facilitarán o uso dun local para o desenvolvemento das actividades internas de carácter permanente das asociacións constituídas nos mesmos.

11º.-

1. As Asociacións de Pais de Alumnos non poderán desenvolver nos centros máis actividades cás previstas nos seus estatutos dentro do marco das finalidades fixadas no artigo 5º

desta Orde, e deberán informar, en todo caso, ó Consello Escolar do Centro. Cando as ditas actividades vaian dirixidas ó alumnado poderán participar nas mesmas tódolos alumnos.

2. Os gastos extraordinarios que se puidesen derivar das actividades referidas no apartado anterior correrán a cargo das asociacións organizadoras.

3. As Delegacións Provinciais da Consellería de Educación logo de informe da autoridade municipal correspondente no caso de centros públicos de Educación Xeral Básica, resolverán cando exista desacordo entre o director do centro e a asociación na contía dos gastos que terá que pagar esta derivados do uso das instalacións e servizos do mesmo.

12º.- A Consellería de Educación proporcionará a través dos seus órganos centrais ou provinciais competentes o asesora-

mento que se solicite para facilita-la constitución de asociacións, federacións e confederacións de pais de alumnos.

### **Disposición adicional**

Os Conservatorios de Música, Escolas de Idiomas, Escolas de Artes Aplicadas e Oficinas Artísticas e outros centros de características singulares serán obxecto de regulación especial.

### **Disposición transitoria**

No prazo de seis meses as asociacións, federacións e confederacións de pais de alumnos xa existentes axustaranse ó disposto nesta Orde.

### **Disposición derradeira**

Esta Orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 1987.

M. Xesús Sainz García  
Conselleira de Educación

(DOG, 22/01/87)

## Asociacións de nais e pais de alumnos

Definición	<p>As asociacións que constitúen os pais, nais e titores nos centros docentes, terán, a efectos legais, o carácter de asociacións de pais de alumnos cunhas finalidades e estatutos específicos.</p> <p><i>(artº 3 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87))</i></p>
Finalidades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asistir aos pais ou titores en todo aquilo que atinxe á educación dos seus fillos ou pupilos.</li> <li>• Colaborar nas actividades educativas dos centros.</li> <li>• Promove-la participación dos pais e nais de alumnos no exercicio do seu dereito a interviren no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos.</li> <li>• Facilita-la representación e a participación dos pais de alumnos nos consellos escolares dos centros públicos e concertados e noutros órganos colexiados, se é o caso.</li> <li>• Calquera outras que, dentro da normativa vixente lle asignen os seus respectivos estatutos.</li> </ul> <p><i>(artº 5 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87))</i></p>
Actuacións en relación co centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Propoñer un representante seu para formar parte do consello escolar do centro (se houbera máis dunha asociación nun centro, só a asociación máis representativa o poderá propoñer)</li> <li>• Elevarlle propostas ao consello escolar para a elaboración do proxecto educativo e ao equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.</li> <li>• Informar ao consello escolar daqueles aspectos da marcha do centro que consideren oportuno.</li> <li>• Informar aos asociados da súa actividade.</li> <li>• Recibir información, a través dos seus representantes no consello escolar, sobre os temas tratados nel.</li> <li>• Elaborar informes para o consello escolar a iniciativa propia ou petición deste.</li> <li>• Elaborar propostas de modificación do Regulamento de réxime interior.</li> <li>• Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual.</li> <li>• Coñece-los resultados académicos referidos ao centro e a valoración que deles realice o consello escolar.</li> <li>• Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións.</li> <li>• Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.</li> <li>• Fomenta-la colaboración entre tódolos membros da comunidade educativa.</li> </ul>

- Facer uso das instalacións do centro nos termos que estableza o consello escolar de acordo coa lexislación vixente.  
*(Decreto 374/96, do 17 de outubro (DOG 21-10-96), para educación infantil e primaria)*  
*(Decreto 324/96, do 26 de xullo (DOG 9-8-96) para educación secundaria)*
- Dispoñer dun local para o desenvolvemento das actividades internas, sempre que as disponibilidades do centro o permitan.  
*(artº 10.3 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87))*

## Constitución

Fase previa	<p>a) Constituir un grupo de pais, nais ou titores (entre 5 e 12) que estén interesados en que se cree a Asociación.</p> <p>b) Poñer en coñecemento da Dirección do Colexio que se van a iniciar los trámites para constituír-la Asociación, explicándolle as motivacións que impulsan a idea e solicitando a súa colaboración e a do Claustro de profesores (este paso pódese dar por medio dunha entrevista persoal).</p> <p>c) Convocar unha asemblea de pais de alumnos para, ao tempo que se lles transmite o mesmo que se lle comunicou á Dirección, da-la posibilidade de que se integren novas persoas na comisión xestora ou que colaboren na redacción dos estatutos.</p> <p>d) Redacta-los estatutos, servíndose, se interesa, do borrador que se facilita en calquera das Federacións de APAs existentes.</p> <p>e) Convocar unha asemblea de pais de alumnos para aproba-los estatutos.</p>
Presentación de documentación	<p>f) Hai que facer dous bloques cos mesmos documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acta de constitución (3 copias) asinada por tódolos que constituirán a Asociación, facendo consta-los seus nomes, apelidos e números do DNI. Nela deben constar, alomenos, dous acordos: crea-la Asociación, e aproba-los estatutos.</li> <li>- Estatutos polos que se terá que rexir-la Asociación (3 copias), con marxes axeitados e sen rectificacións nen rascaduras. Neles farase consta-la mesma data que na Acta de Constitución, estarán asinados por tódolos membros na marxe esquerda de tódalas follas e deixarase ao empezo e ao remate espazo dabondo para colocar o visado do Rexistro.</li> </ul> <p>Estes bloques de documentos, acompañados das correspondentes instancias por duplicado, enviaranse:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ao Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a súa legalización.</li> <li>- Ao Delegado Provincial da Consellería de Educación, para a súa inclusión no censo.</li> </ul> <p style="text-align: center;"><i>(artº 6 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87))</i></p>
Legislación e inicio de actividades	<p>g) Feita a presentación da documentación, os integrantes poden asumir as funcións que os estatutos lle asignan á Xunta Directiva.</p> <p>h) A inclusión no censo da Consellería non ten porque ser comunicada a Asociación. Darase por feita se en dous meses non se recibe ningunha comunicación en contra.</p> <p>i) Axiña que chegan os estatutos legalizados pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, convoca-la primeira Asemblea Extraordinaria da Asociación para nomea-la Xunta Directiva, establece-la cuantía da cota e aproba-lo plan de actuacións.</p>

## Normas de funcionamento

Estatutos	<p>Cada APA rexirase polos seus propios estatutos que deberán contemplar, alomenos, os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Denominación da Asociación:</b> Asociación de Pais de Alumnos "... (cunha referencia que a singularice)" do "...centro docente no que se constitúe"</li> <li>• <b>Enderezo:</b> poderá se-lo do centro no que se constitúe.</li> <li>• <b>Composición e funcionamento dos seus órganos de goberno.</b></li> <li>• <b>Procedemento de admisión de asociados:</b> será, en todo caso, voluntaria e logo de solicitude de inscrición, sen que se poidan esixir máis requisitos có de ser pai ou titor de alumnos matriculados no centro (condición imprescindible), pagar, se é o caso, as correspondentes cotas e aceptar expresamente os estatutos da asociación.</li> <li>• <b>Dereitos e deberes dos asociados.</b></li> <li>• <b>Patrimonio fundacional:</b> recursos económicos previstos e aplicación que se debe dar ao patrimonio da asociación en caso de disolución.</li> <li>• <b>Réxime de modificación dos estatutos.</b> (<i>artº 7 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87)</i>)</li> </ul>
Requisitos a cumprir	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Te-los estatutos legalizados polo organismo competente da súa provincia, co seu correspondente número de rexistro, e inscritos no censo da Consellería de Educación.</li> <li>• Posuír: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Libro de Caixa ou de Contas, no que se reflexe de forma clara e detallada os ingresos e gastos da Asociación. En todo caso, en cada apunte contable debe quedar constancia da data, do concepto e do importe en euros.</li> <li>- Libro de Rexistro de Socios, no que ademais dos datos persoais de cada socio, deberán figurar a data de alta e de baixa.</li> <li>- Libro de Actas, no que se recollerán tódolos acordos que se tomen, tanto nas asembleas coma nas reunións de xunta directiva.</li> </ul> </li> <li>• Notificar no Rexistro os cambios nos compoñentes da Xunta Directiva cunha Certificación do Secretario co visto e prace do Presidente.</li> <li>• Dotarse de número de Identificación Fiscal (NIF ou CIF), necesario para solicitar subvencións, abrir contas bancarias, pedir facturas oficiais, etc.</li> <li>• Funcionar tendo en conta o establecido nos estatutos da Asociación.</li> </ul>

Procedimen-  
to para  
modifica-los  
estatutos

- 1º Celebrar unha Asemblea Xeral Extraordinaria con proposta de modificación de estatutos como único punto da orde do día. Esa asemblea ten que aprobalos cambios propostos.
- 2º Enviar unha instancia, por duplicado, ao Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dando traslado da seguinte documentación:
  - Acta da Asemblea Xeral no que figuren os artigos modificados, o quorum de asistentes e o resultado da votación, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente.
  - Estatutos da Asociación (3 copias), coas modificacións incorporadas ó texto, asignadas tódalas súas follas pola Xunta Directiva e cunha dilixencia ao final do Secretario, co visto e praxe do Presidente, certificando que ditos estatutos están redactados incluíndo as modificacións aprobadas pola Asemblea Extraordinaria celebrada ao efecto.
- 3º Enviar unha instancia, por duplicado, ao Delegado Provincial da Consellería de Educación dando traslado da mesma documentación que se enviou ao Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.  
*(artº 8 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87))*

## Órganos de Goberno

Clasificación	<p><b>Unipersonais:</b> Presidente, Secretario, Tesoureiro, Vocal e calquera outro que establezan os estatutos de cada asociación.</p> <p><b>Colexiados:</b> Asemblea Xeral, Comisións de Traballo, Xunta Directiva e calquera outro que establezan os estatutos de cada asociación.</p>
Funcións	As que establezan para cada órgano os respectivos estatutos.
Reunións	<p>Os estatutos de cada Asociación establecen o número de convocatorias que se teñen que facer ao ano da Asemblea Xeral co carácter ordinario e as razóns polas que se pode face-las convocatorias extraordinarias.</p> <p>Os outros órganos colexiados reuniranse, se non o establecen os estatutos, segundo o que eles mesmos dispoñan no relativo á periodicidade (semanal, quincenal, mensual, ...) e á convocatoria.</p>
Comisións de traballo	<p>Normalmente os estatutos non desenvolven as Comisións de Traballo, por iso, a xeito de suxerencia podemos establecer as seguintes funcións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manter relacións con órganos de goberno do centro: Consello Escolar e Claustro de Pforesores.</li> <li>- Entablar relacións coas institucións públicas e privadas existentes, ou con incidencia na localidade: Consellería (Delegación e Inspección), Concello, grupos políticos municipais, outras asociacións...</li> <li>- Fomenta-los intercambios, alomenos informativos, con outras APAs e, sobre todo, coas do mesmo territorio e coa Federación a que se pertenza.</li> <li>- Programar actividades de formación de pais: escola de pais.</li> <li>- Posibilita-lo encontro dos distintos estamentos da Comunidade Escolar: actividades extraescolares, festas, celebracións.</li> <li>- Face-lo seguimento dos servizos existentes no Centro: transporte, comedor...</li> <li>- Desenvolver un canle de comunicación cos asociados, manténdoos informados da vida da Asociación e do Colexio e recabando deles a súa colaboración.</li> </ul>



## Federación e Confederación de nais e pais

<p>Ámbito e finalidades</p>	<p>As Asociacións de Pais poderán federarse a nivel parroquial, local, comarcal ou en ámbitos territoriais máis amplos, así como confederarse.</p> <p>As APAs sérvense desta posibilidade para melloras súas actuacións e potencia-la presenza dos pais diante dos distintos órganos da administración educativa.</p> <p><i>(artº 9 da Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87))</i></p>
<p>Relacións federacións- apas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A integración ou segregación dunha APA nunha Federación farase sempre partindo da propia vontade daquela expresada por acordo da súa Asemblea Xeral.</li> <li>- Unha Federación nunca intervirá nun tema competencia dunha APA se non é por petición dela.</li> <li>- Unha APA poderá solicita-lo apoio da Federación á que pertenza para mellor cumplilos seus fins.</li> <li>- As APAs integradas nunha Federación teñen dereito a participar na xestión e nas actividades dela, recibindo toda a información necesaria.</li> <li>- Toda APA está obrigada a cumprir cos compromisos que emanen da súa integración nunha Federación.</li> </ul>
<p>Trámites para se integrar nunha Federación</p>	<p>Para poder formar parte dunha Federación, a APA interesada ten que enviar unha comunicación manifestando ese desexo e acompañado dos seguintes documentos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Certificado da Acta da Asemblea Xeral no que se recolle o acordo favorable para se integrar na Federación.</li> <li>b) Copia dos estatutos da APA, co seu número de rexistro.</li> <li>c) Relación nominal dos compoñentes da Xunta Directiva con expresión dos seus cargos, os seus enderezos e o da Asociación.</li> <li>d) Número de asociados á APA</li> </ol> <p>No prazo de tempo establecido nos estatutos de cada Federación, a Xunta Directiva acordará sobre a admisión da APA solicitante.</p>

## Actividades complementarias e extraescolares

*Orde do 22 de xullo de 1997,  
(DOG, 02/09/97)*

1. Actividades complementarias
  - 1.1. Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes. Deberán figurar na programación xeral anual do centro.
  - 1.2. A participación do alumnado nelas é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou tutores sempre que se desenvolvan fóra da localidade. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender aos alumnos que non participen nelas.
  - 1.3. De acordo co establecido no artigo 71 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e o sinalado no apartado 6.4 da presente orde, é o equipo de actividades complementarias e extraescolares do centro o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.
2. Actividades extraescolares
  - 2.1. Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. e figurando na programación xeral anual, se realizan fóra de horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.
  - 2.2. En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dun ensino oficial do currículo.
  - 2.3. Cando as actividades extraescolares sexan organizadas por entidades e deban realizarse dentro dos locais e instalacións do centro, haberá que respecta-la normativa reguladora da

utilización destes locais e instalacións. Para a realización das ditas actividades é preceptiva a presentación por parte da entidade que as propoña dunha memoria descritiva que incluírá, entre outras, a concreción do financiamento da actividade e a garantía da asunción plena da responsabilidade contractual respecto do persoal que a vai desenvolver.

- 2.4. A dirección e realización de actividades extraescolares de formación física, deportiva ou danza, en calquera das súas variantes, estará sempre a cargo de persoal técnico cualificado que dispoña de titulación académica suficiente para impartir este tipo de ensinanza, de acordo coa súa normativa, ou que estea legal e suficientemente habilitado para tal efecto pola Administración competente.

Igualmente, requírese a suficiente acreditación ou titulación para a realización doutras actividades cando así estea estipulado por unha norma legal ou regulamentaria.

3. Aspectos comúns das actividades complementarias e extraescolares
- 3.1. Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na programación xeral anual, será necesario a súa aprobación polo equipo directivo, tralo informe favorable, de se-lo caso, do equipo destas actividades, dando conta o Consello Escolar na reunión seguinte que se celebre. Cando estas actividades impliquen modificacións do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademais, a autorización do delegado.
- 3.2. As actividades complementarias e extraescolares non forman parte do currículo oficial e, en consecuencia, non son susceptibles de avaliación académica.
- 3.3. Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respecta-los principios de voluntariedade para os alumnos, non discriminación e ausencia de lucro.

Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ao currículo oficial.

- 3.4. Para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares fóra da localidade, organizadas polo centro, requirirase a previa aprobación por parte do consello escolar, a autorización escrita dos pais dos alumnos participantes e un número suficiente de profesores nunha proporción mínima dun mestre ou mestra por cada unidade.

A autorización escrita dos pais dos alumnos á que se fai referencia no parágrafo anterior poderá ser unha soa para todas aquelas que figuren na programación xeral anual.

- 3.5. Dentro das atribucións que lle son propias, correspóndelle ao consello escolar do centro:

- Aproba-lo programa anual destas actividades elaborado polo equipo de actividades complemen-

tarias e extraescolares tal e como establece o artigo 75 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro.

- Avaliar anualmente o desenvolvemento das actividades levadas a cabo.
- Establecer, se é o caso, de acordo co regulado no artigo 78 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

- 3.6. Na programación das actividades escolares complementarias e extraescolares deben constar los seguintes aspectos:

- Duración de cada unha das sesións, das diferentes actividades e horario de realización semanal ou doutra periodicidade, se é o caso.
- Persoal que dirixirá, levará a cabo e participará en cada actividade.

3.7. A comunidade educativa, a través do Consello Escolar, fomentará a organización de actividades escolares complementarias e extra-escolares gratuítas, que non supoñan custo para os pais, co fin de facilitar a máxima participación de todo o alumnado do centro.

3.8. A titularidade do centro ou, se é o caso, a entidade organizadora garantirá a adecuada atención e vixilancia dos alumnos participantes durante a realización das actividades escolares complementarias e extraescolares.

3.9. A dirección do centro garantirá a adecuada información aos pais e titores.

A stack of several books is shown on the right side of the page. The books are stacked vertically, with their spines facing right. The pages are visible, showing a light color. The background is a plain, bright white. The text 'gobierno centros' is located in the bottom left corner of the page.

**gobierno centros**

## Órganos colexiados

Institutos de Educación Secundaria	Escolas de Educación Infantil e Colexios de Educación Primaria con seis ou máis unidades	Escolas de Educación Infantil e Colexios de Educación Primaria con menos de seis unidades
Consello Escolar		
Claustro de Profesores		
Departamento de actividades complementarias e extraescolares	Equipo de actividades complementarias e extraescolares	-
Departamentos didácticos	Equipos de ciclo	
Comisión de coordinación pedagóxica		-
Coordinador de formación en centros de traballo	-	-
Equipo de normalización lingüística		

(1) Nestes centros as funcións da comisión de coordinación pedagóxica, equipo de normalización lingüística e equipo de actividades complementarias e extraescolares serán asumidas polo claustro

(artigo 53.2 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro. (DOG 21-10-96).

*Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro (BOE do 21 de novembro), de participación, avaliación e goberno dos Centros.*

*Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril), polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de Ensino non Universitario.*

*Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.*

*Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polo que se aproba o Regulamento orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria .*

*Orde do 29 de outubro de 1996 (DOG do 4 de novembro), pola que se regulan os órganos de goberno dos Centros Públicos de Ensino non Universitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos.*

*Decreto 7/1999 de 7 de xaneiro (DOG 20-1-99), polo que se implantan e regulan os Centros Públicos Integrados.*

## Consello Escolar

	Institutos de Educación Secundaria con 8 ou máis unidades	Institutos de Educación Secundaria con menos de 8 unidades	Escolas de Ed. Infantil e Col. Ed. Primaria con 8 ou máis unidades	Escolas de Ed. Infantil e Col. Ed. Primaria con 6 ou 7 unidades	Centros de 3, 4 ou 5 unidades	Centros de 1 ou 2 unidades
Director/a	Si	Si	Si	Si	Si	-
Xefatura de estudos	Si	-	Si	-	-	-
Xefatura de estudos nocturno	Si	-	-	-	-	-
Represent. concello	1	1	1	1	1	1
Profesores	7	2	5	3	2	Todos
Represent. pais	3 <sup>3</sup>	1 <sup>3</sup>	5 <sup>3</sup>	3 <sup>3</sup>	2 <sup>3</sup>	1 <sup>3</sup>
Represent. alumnos	4	1	-	-	-	-
Represent. persoal administ. servizos	1	-	1	-	-	-
Secretario/ administrad.	Si	Actuará 1 dos rep. dos profes.	Si	Si	Actuará 1 dos rep. dos profes.	-

1) Orde do 29 de outubro de 1996 (DOG do 4 de novembro), regúlanse os órganos de goberno dos Centros Públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos.

2) Nos centros que imparten formación profesional específica ou artes plásticas e deseño, poderase incorporar ao Consello Escolar, con voz pero sin voto, un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións laborais presentes no ámbito da acción do centro.

3) Dos representantes dos pais e nais, un será proposto pola asociación de pais máis representativa.

4) Decreto 7/1999 de 7 de xaneiro (DOG 20-1-99) polo que se implantan e regulan os Centros Públicos Integrados.



## Renovación parcial do Consello Escolar

		Primeira Renovación			Segunda Renovación			Repr. persoal Ad. e servicios
		Prof.	Pais	Alumn.	Prof.	Pais	Alumn.	
Institutos de Educación Secundaria	8 ou máis unidades	3	2	2	4	1	2	1
	menos de 8 unidades	1	-	1	1	1	-	1
Escolas Educación Infantil e Colexios de Educación Primaria	8 ou máis unidades	2	3	-	3	2	-	1
	6 ou 7 unidades	1	2	-	2	1	-	-
	3, 4 ou 5 unidades	1	1	-	1	1	-	-
Centros Educación Infantil e Educación Primaria que están a impartir a Educación Secundaria	con 8 ou máis unidades	2	2	1	3	1	1	1
	con 6 ou 7 unidades	1	1	1	2	1	-	-
	con 3, 4 ou 5 unidades	1	-	1	1	1	-	-

## Normas de funcionamento dos Órganos Colexiados dos Centros

Convocatoria	Órgano competente	O presidente ou o secretario por orde do Presidente.
	Antelación necesaria	Convocatoria ordinaria: unha semana. Convocatoria extraordinaria: mínimo 48 horas.
	Orde do día	Fixada polo presidente, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros formuladas con antelación abonda.
	Documentación	A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros en igual prazo.
Sesións	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Reuniranse preceptivamente unha vez por trimestre.</li> <li>* Sempre que o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros.             <ul style="list-style-type: none"> <li>* Neste caso o presidente realizará a convocatoria no pra máximo de 20 días contados desde o seguinte día a aquel no que se celebre a petición.</li> <li>* A sesión celebrárase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte á entrega da petición da convocatoria.</li> </ul> </li> <li>* En todo caso reuniranse ó inicio e remate do curso.</li> </ul>	
Quórum	Primeira convocatoria	Presencia do presidente e secretario ou, de se-lo caso, dos que os substitúen, e da metade, polo menos, dos seus membros.
	Segunda convocatoria	<ul style="list-style-type: none"> <li>* No seguinte día lectivo.</li> <li>* No mesmo lugar e hora.</li> <li>* Suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros, e en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza do presidente e secretario ou persoas que os substitúen.</li> </ul>
Acordos	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Adoptaranse por maioría de votos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>* Sen prexuízo das decisións que esixan unha maioría cualificada.</li> <li>* Soamente se contabilizarán os membros con dereito a voto.</li> </ul> </li> </ul>	

Acordos sobre asuntos que non figuren na Orde do día	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Unicamente poderán adoptarse cando</li> <li>* Estean presentes tódolos membros do órgano colexiado.</li> <li>* E sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría</li> </ul>	
Certificación dos acordos	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Os que acrediten a titularidade dun interese lexítimo poderanse dirixir ó secretario dun órgano colexiado para que lles sexa expedida certificación dos seus acordos.</li> <li>* Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.</li> </ul>	
Elaboración da acta	Órgano competente	O Secretario
	Contido	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Asistentes</li> <li>* Orde do día da reunión</li> <li>* Circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou</li> <li>* Puntos principais das deliberacións</li> <li>* Contido dos acordos adoptados</li> </ul>
Voto particular	Poderase formular por escrito, no prazo de 48 horas, e incorporarse á acta.	
Transcripción íntegra dunha intervención ou proposta na acta	Deberá aportarse no acto, ou no prazo que sinale o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa intervención.	
Aprobación da acta	Na mesma ou na seguinte sesión.	

## Lei 2/2006 de educación (LOE)

### Capítulo III Órganos colexiados de goberno e de coordinación docente dos centros públicos

#### Sección primeira. Consello escolar

##### • Artigo 126. Composición do consello escolar

1. O consello escolar dos centros públicos estará composto polos seguintes membros:
  - a) O director do centro, que será o seu presidente.
  - b) O xefe de estudos.
  - c) Un concelleiro ou representante do concello en cuxo termo municipal estea radicado o centro.
  - d) Un número de profesores, elixidos polo claustro, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do consello.
  - e) Un número de pais e de alumnos, elixidos respectivamente por e entre eles, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do consello.
  - f) Un representante do persoal de administración e servizos do centro.
  - g) O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz e sen voto.
2. Unha vez constituído o consello escolar do centro, éste designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
3. Un dos representantes dos pais no consello escolar será designado pola asociación de pais máis representativa do centro, de acordo co procedemento que establezan as administracións educativas.
4. Correspóndelles ás administracións educativas regular as condicións polas cales os centros que im-

partan as ensinanzas de formación profesional ou artes plásticas e deseño poidan incorporar ao seu consello escolar un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións laborais presentes no ámbito de acción do centro.

5. Os alumnos poderán ser elixidos membros do consello escolar a partir do primeiro curso da educación secundaria obrigatoria. Non obstante, os alumnos dos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria non poderán participar na selección ou o cesamento do director. Os alumnos de educación primaria poderán participar no consello escolar do centro nos termos que establezan as administracións educativas.
6. Correspóndelles ás administracións educativas determinar o número total de membros do consello escolar e regular o proceso de elección.
7. Nos centros específicos de educación infantil, nos incompletos de educación primaria, nos de educación secundaria con menos de oito unidades, en centros de educación permanente de persoas adultas e de educación especial, nos cales se impartan ensinanzas artísticas profesionais, de idiomas ou deportivas, así como naquelas unidades ou centros de características singulares, a Administración educativa competente adaptará o disposto neste artigo á súa singularidade.
8. Nos centros específicos de educación especial e naqueles que teñan unidades de educación especial formará parte tamén do consello escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.

#### ● **Artigo 127. Competencias do consello escolar**

O consello escolar do centro terá as seguintes competencias:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V desta lei.
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro

sen prexuízo das competencias do claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.

- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director do centro nos termos que esta lei establece. Ser informado do nomeamento e do cesamento dos demais membros do equipo directivo. De ser o caso, logo do acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director.
- e) Decidir sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido nesta lei e disposicións que a desenvolvan.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia de pais ou tutores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, de ser o caso, as medidas oportunas.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.

- k) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.
- l) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.

## **Sección segunda. Claustro de profesores**

### **• Artigo 128. Composición**

1. O claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.
2. O claustro presidirao o director e estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro.

### **• Artigo 129. Competencias**

O claustro de profesores terá as seguintes competencias:

- a) Formular ao equipo directivo e ao consello escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir os seus representantes no consello escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos por esta lei.

- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- h) Emitir informe sobre as normas de organización e funcionamento do centro.
- i) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- j) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- k) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.





**Edita:** Confederación Gallega de APAs de Centros Públicos  
**Diseño gráfico e maquetación:** mazairagrafismo, sl  
**Impresión:** Offset Valladares, s.l. • **Depósito legal:** C 4200-2008

**Edita**



**Colaboran**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DEPUTACION DA CORUÑA  
[www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)

